



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E O ARCEBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DO INMOBLE ANEXO A CASA REITORAL DE SAN VICENTE DO GROVE (O GROVE, PONTEVEDRA) CO OBXECTO DA POSTA EN VALOR E DIFUSIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL ECLESIAÍSTICO E ARQUEOLÓXICO EXISTENTE EN SAN VICENTE DO GROVE (O GROVE, PONTEVEDRA), MEDIANTE A INSTALACIÓN DUNHA SERIE DE RECURSOS INTERPRETATIVOS SOBRE O XACEMENTO ARQUEOLÓXICO DE ADRO VELLO

Santiago de Compostela,

07 ABR. 2025

REUNIDOS

Dunha parte, Don José López Campos, actuando en representación da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, en virtude do seu cargo de conselleiro, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, así como o artigo 2º da Resolución de 8 de abril de 1991, pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia de 27 de marzo de 1991 sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

Doutra parte, Don Juan Ventura Martínez Reboeiras, administrador parroquial de San Vicente do Grove, en nome e representación do Arcebispo de Santiago de Compostela, con CIF número R1500020A e domicilio a efectos de notificacións en Praza da Inmaculada, nº 1, Santiago de Compostela, A Coruña.

Todas as partes teñen plena capacidade legal para outorgar o presente convenio de colaboración e, para tal efecto,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Xunta de Galicia asume a a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real Decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, desenvolvido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia.

Segundo.- Que o Arcebispo de Santiago de Compostela é dono de pleno dominio da finca de referencia catastral 36022A034002510000EJ e 36022A034002510001RK (parte urbana), sita na parroquia de San Vicente, no concello do Grove, onde se sitúa unha construción anexa á casa reitoral da Igrexa de San Vicente do Grove, duns 48 m² e destinada a almacén.

Terceiro.- O xacemento arqueolóxico de Adro Vello é un dos bens máis





sobranceiros do patrimonio cultural galego polo seu enorme interese científico, así como pola súa importancia histórica e arqueolóxica. Todos estes valores fan que teña a consideración de Ben de Interese Cultural (BIC) como zona arqueolóxica segundo o Decreto 231/2022, do 29 de decembro (DOG núm. 18, xoves 26 de xaneiro de 2023). Ademais, o dito xacemento atópase nun espazo protexido desde o punto de vista medioambiental que forma parte da Rede Natura 2000.

Este xacemento localízase na parroquia de San Vicente, no concello pontevedrés do Grove. En concreto, sitúase a carón da praia do Carreiro, no medio dunha enseada protexida do mar por dúas puntas costeiras.

O principal valor deste sitio radica na súa longa secuencia de ocupación, cunha orixe como factoría de salga en época romana e a súa posterior transformación nun espazo funerario e relixioso a partir de época tardo antiga e ata o século XVIII, no que destaca a presenza dunha igrexa e unha extensa necrópole de inhumación. A situación do xacemento nunha zona dunar ao carón da praia do Carreiro fixo que os esqueletos de centos de persoas que foron soterradas neste espazo funerario ao longo dos séculos se conservasen de maneira excepcional; esta característica confírelle a Adro Vello ser un dos referentes para o estudo antropolóxico da poboación galega antiga. Ademais, é un fito no Camiño de Santiago ao ser considerado o lugar de entrada do corpo do Apóstolo Santiago cara Compostela; unha lenda reforzada coa aparición da moeda da *traslatio* durante a campaña arqueolóxica do ano 1985.

A primeira intervención arqueolóxica neste xacemento tivo lugar a finais da década dos anos sesenta do século XX aínda que non será ata a década dos anos setenta cando o profesor José Carro Otero, médico e antropólogo físico da Universidade de Santiago de Compostela, inicie toda unha serie de campañas arqueolóxicas que se desenvolverán ata a década dos anos noventa do século XX. Estas actuacións permitiron exhumar a maior parte das estruturas hoxe visibles e establecer unha primeira interpretación e datación das distintas fases de ocupación deste complexo xacemento. Con posterioridade, xa na primeira década do século XXI, a Xunta de Galicia financiou unha serie de labores de conservación dos restos arqueolóxicos para permitir a súa preservación.

A partir da declaración de Adro Vello como BIC a finais do ano 2022, as actuacións arqueolóxicas no lugar retomáronse da man da Universidade de Vigo, co obxectivo non só de obter un maior coñecemento da súa evolución histórica senón tamén para mellorar o estado de conservación dos seus restos arqueolóxicos. Sen embargo, na actualidade unha das carencias máis importantes deste xacemento é a falta de recursos interpretativos que faciliten a comprensión dos restos arqueolóxicos alí conservados a todos aqueles visitantes que se achegan ata o lugar; neste sentido, hai que ter en conta que Adro Vello atópase nun lugar privilexiado en primeira liña de costa, nunha das zonas máis turísticas de Galicia, polo que de por si o número de visitantes é bastante elevado.

Cuarto.- Tendo en conta os importantes valores patrimoniais e medioambientais que posúe a zona arqueolóxica de Adro Vello, a Consellería



de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia e o Arcebispado de Santiago de Compostela están interesados en colaborar na instalación dunha serie de recursos interpretativos sobre o dito xacemento coa finalidade de que os visitantes que se acheguen ata a parroquia de San Vicente do Grove podan recibir información sobre este sitio histórico e así facilitar a comprensión dos restos arqueolóxicos alí conservados. Con esta actuación perséguese aumentar o atractivo deste ben cultural, potenciando o seu interese público e a súa función e significación como fito cultural relevante.

Quinto.- O lugar elixido para a instalación destes recursos interpretativos é un inmovible xa existente, anexo a reitoral de San Vicente do Grove, do que o Arcebispado de Santiago de Compostela é propietario, tal como se menciona no expoñendo segundo.

Esta edificación atópase aproximadamente a uns 500 metros ao sueste do xacemento arqueolóxico de Adro Vello. A xustificación desta elección radica en que este xacemento atópase en primeira liña de praia, o que fai inviable a construción de edificación algunha ao seu carón dadas as restricións patrimoniais e medioambientais existentes. Así, dentro da súa contorna considérase que este inmovible é o máis idóneo para albergar os ditos recursos interpretativos por atoparse a carón doutro punto de interese patrimonial como é a igrexa parroquial de San Vicente do Grove, a cal conta ademais cun amplo aparcamento que facilitaría a visita ao centro e, unha vez vista toda a información que se mostra nel, realizar a posterior visita ao propio xacemento arqueolóxico xa cunhas nocións básicas das estruturas alí conservadas.

Sexto.- Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude ten previsto levar a cabo os traballos necesarios para instalar unha serie de recursos interpretativos do xacemento arqueolóxico de Adro Vello no inmovible de referencia, para o cal precisa ocupar e usar a propiedade do Arcebispado referida anteriormente polo tempo que duren os traballos.

Así, dado o interese coincidente de ambas as dúas partes, coñecedoras da importancia que ten a colaboración mutua en materia de conservación, protección e revalorización do patrimonio cultural de Galicia, acordan subscribir o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes



Primeira: Obxecto do Convenio

O obxecto do presente convenio é regular as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Arcebispado de Santiago



para a posta en valor e difusión do patrimonio cultural eclesiástico e arqueolóxico existente en San Vicente do Grove, Pontevedra, mediante a instalación dunha serie de recursos interpretativos sobre o xacemento arqueolóxico de Adro Vello.

Para o desenvolvemento deste proxecto de instalación dunha serie de recursos interpretativos do xacemento arqueolóxico de Adro Vello no inmovible anexo á casa reitoral de San Vicente do Grove conforme ao proxecto elaborado, non é posible promover a concorrencia pública.

A actuación obxecto do presente convenio está incluída no Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

Segunda: Obrigas da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

- A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia, dentro das liñas de actuación que en materia de protección, conservación e posta en valor do patrimonio cultural están sinaladas no seu programa de obxectivos, realizará as actuacións oportunas para a instalación dunha serie de recursos interpretativos sobre o xacemento arqueolóxico de Adro Vello **no inmovible anexo á casa reitoral de San Vicente do Grove.**
 - Aportar ao Arcebispo de Santiago de Compostela, en calquera momento en que o solicite, información referente ao desenvolvemento dos traballos previstos.
 - Unha vez instalados os recursos interpretativos no inmovible de referencia, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, durante a vixencia do presente convenio, levará a cabo o arranxo ou reposición dos mesmos, de ser o caso.
- Unha vez rematado o prazo de vixencia, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude retirará os ditos recursos interpretativos.

Terceira: Obrigas do Arcebispo de Santiago de Compostela

Pola súa banda, o Arcebispo de Santiago de Compostela comprométese, unha vez asinado o presente convenio, a autorizar a plena e libre dispoñibilidade do inmovible de referencia durante o tempo que duren os traballos de instalación, a favor da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para que esta poida acometer a execución das actuacións obxecto do presente convenio.

- Unha vez rematados os traballos de instalación dos paneis interpretativos, o Arcebispo de Santiago de Compostela asumirá a xestión, mantemento e conservación do inmovible do que é titular e terá a obriga de telo aberto durante un período de catro anos, nos horarios de culto da parroquia e dar facilidades para este fin.
- Tamén deberá comunicar á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, á maior



[Handwritten signature]



brevidade posible, calquera deterioro ou dano que puideran sufrir os diferentes recursos interpretativos.

Cuarta: Comisión paritaria

Coa finalidade de asegurar o cumprimento do presente convenio, créase unha comisión mixta de seguimento e control, integrada por un membro de cada unha das partes. Esta comisión será a encargada de solucionar as controversias que se poidan suscitar na interpretación deste convenio.

Quinta: Causas de resolución

Son causas de resolución do presente convenio:

- 1ª.- O acordo mutuo das partes expresado formalmente e por escrito.
- 2ª.- O incumprimento por calquera das partes das cláusulas pactadas.
- 3ª.- A concorrencia de forza maior non imputables a ningunha das partes, que impida o cumprimento do obxecto do presente Convenio.

Sexta: Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá unha **vixencia de catro anos** a partir dela, sen prexuízo da posibilidade de **prórroga** por un período de ata catro anos adicionais, que se producirá en tanto ningunha das partes manifeste á outra por escrito con polo menos dous meses de antelación a súa vontade de non renovar a duración do convenio.

O presente convenio queda condicionado a que durante todo o tempo da súa vixencia a edificación sexa destinada ao uso previsto, polo que quedará sen efecto, calquera que fora a causa, se non fose posible cumprir co obxecto do convenio, sen que o Arcebispado veña obrigado a abonar ningún tipo de indemnización polos traballos realizados pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Oitava: Publicidade

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Asemade procederase á inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

KUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
CULTURA, LINGUA
E XUVENTUDE
O CONSELLEIRO



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, LINGUA
E XUVENTUDE

Novena: Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia [Notific@, https://notifica.xunta.gal](https://notifica.xunta.gal). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décima: Réxime xurídico

Este convenio ten natureza administrativa. As cuestións litixiosas xurdidas da aplicación do presente convenio, e non resoltas en vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade cos termos do presente convenio, as partes comparecentes asínano e rubricano por duplicado exemplar no lugar e data expresados.

Santiago de Compostela

O conselleiro de Cultura,
Lingua e Xuventude

José López Campos



O Arcebispado de Santiago

Juan Ventura Martínez Reboeiras